



Concello de **CAMARIÑAS**

ANUNCIO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS DE PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA AUXILIAR DOMÉSTICO/A DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Obxecto: A selección dun traballador/a para cubrir un posto de Auxiliar doméstico/a do Servizo de Axuda no Fogar e a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais que permitan cubrir as posibles ausencias dos/das auxiliares de axuda no fogar.

Modalidade de contrato: A modalidade do contrato é a regulada polo art. 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, contrato de duración determinada a tempo completo (obra ou servizo determinado)

Requisitos dos aspirantes: Os establecidos na base 2ª das reguladoras da convocatoria aprobada por Decreto da Alcaldía de data 1 de marzo de 2011.

Procedemento: Concurso de méritos.

Presentación de Instancias:

Prazo: Dez días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no diario "La Voz de Galicia".

Lugar: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horas de oficina, ou nos termos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, de conformidade co disposto na base 3ª da convocatoria.

Lugar de obtención de Información: Concello de Camariñas, Praza de Insuela, núm. 57. 15123 Camariñas (A Coruña)

Camariñas, a 1 de marzo de 2011

O Alcalde. Asdo.: Manuel Vajeriano Alonso de León

LA VOZ DE GALICIA 04/03/2011



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN/DUNHA AUXILIAR DOMÉSTICO/A DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, E A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS DE AUXILIARES DOMÉSTICOS/AS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1º.- OBXECTO, MODALIDADE CONTRACTUAL E CONDICIÓNS DO CONTRATO.

É obxecto da presente convocatoria a regulación do concurso para:

1º) A selección dun traballador/a para cubrir un posto de Auxiliar doméstico/a do Servizo de Axuda no Fogar. O traballo a realizar será dar cobertura aos usuarios beneficiarios da lei de dependencia que soliciten o servizo como respiro ao recurso principal e aos de libre concorrència.

A modalidade do contrato é a regulada polo art. 15.1a) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores contrato de duración determinada a tempo completo (obra ou servizo determinado). A duración do contrato terá vixencia mentres as actuais necesidades de persoal continúen no devandito servizo, e/ou o posto de traballo non sexa cuberto por persoal permanente do Concello, en todo caso a duración máxima do contrato será de dezaioito meses a contar desde a súa sinatura.

A xornada de traballo será de trinta e cinco horas á semana no horario que estableza a Alcaldía ou Concelleiro en quen delegue.

As retribucións brutas mensuais do posto serán de 1.125,92 € por todos os conceptos, incluída a prorrata de pagas extras, sen prexuízo da aplicación da redución prevista no RDL 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas para a redución do déficit público.

2º) A formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais que permitan cubrir as posibles ausencias dos/das auxiliares de axuda no fogar cando se produzan ausencias por disfrute de vacacións, permisos e licencias cando a duración destas dúas sexa non sexa superior a tres meses e incapacidades laborais temporais.

2º.- REQUISITOS.

Para poder participar na selección, os aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos, todos eles referidos á data final do prazo de presentación de solicitudes:

A) Ser de nacionalidade española ou nacional dos demais Estados membros da Unión Europea. A tal efecto e en cumprimento do regulado no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, terán a mesma consideración, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe dos españois e demais nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexán menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

Poderán acceder en igualdade de condicións os estranxeiros con residencia legal en España.

B) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Estar en posesión do carné de conducir B1.

D) Non ter enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado e a súa



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

compatibilidade acreditásemse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

E) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

F) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar destes ata a sinatura do contrato, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

3º. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-As solicitudes presentaranse en modelo oficial que se achega como anexo ás bases, dirixidas ao señor Alcalde-Presidente, presentaranse no Rexistro Xeral en horas de oficina, durante o prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no diario "La Voz de Galicia". As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e neste caso os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

2.- Á instancia unirase:

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- c) Relación dos méritos que alega.
- d) Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

3.- Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandara a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

4º.- ADMISIÓNS DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución dentro dos dez días hábiles seguintes (agás sábados), declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houbera. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos na base terceira, concederase un prazo de tres días hábiles a contar a partir do día seguinte ao de publicación da lista provisional no taboleiro de anuncios do Concello para reclamacións ou emendas de defectos. A continuación, e unha vez resoltas as posibles reclamacións e emenda de deficiencias, a Alcaldía ditará resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, indicando na mesma a data de celebración da entrevista persoal.

5º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

De conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, estará formado polos seguintes membros.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Presidente: D. Marcos Vázquez Campaña, Interventor do Concello de Camariñas.

Suplente do Presidente: D^a Alicia Queiro Pérez, Técnica Económica Financeira do Concello de Camariñas.

Vogais: D^a María Josefa Jiménez Sánchez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas.

D^a Ana Isabel Martínez Arranz, Psicóloga de Servizos Sociais do Concello de Camariñas.

D^a María Carmen Pérez Bermúdez, Traballadora Social do Concello de Camariñas.

Vogal suplente: D. Emilio José González Ramos, Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas.

Secretaria: D^a Loreto Fernández López, Secretaria da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.

Secretario suplente: D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito a Secretaría.

2.- Os Tribunais deberán ter composición paritaria , segundo o disposto no artigo 36 da Lei (galega) 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que deberán posuír titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza convocada.

3.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

4.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario.

5.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

6.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

6º - SELECCIÓN

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, promovendo a selección entre os candidatos que cumpran as condicións esixidas na presente convocatoria.

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso, con arranxo á seguinte estimación de méritos:

1º FASE DO CONCURSO

A) Titulación e cursos: máximo 8 puntos.

A)1. Por estar en posesión ou do certificado de profesionalidade sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, ou título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente: 5 puntos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A) 2. Cursos relacionado coas funcións a desempeñar: máximo 3 puntos.

- De menos de 20 horas 0,05 puntos/cada un.
- De 20 a 50 horas 0,10 puntos/cada un.
- De máis de 50 a 100 horas 0,20 puntos/cada un.
- De mais de 100 a 250 horas 0,30 puntos/cada un.
- De máis de 250 ata 400 horas 0,40 puntos/cada un.
- De máis de 400 ata 500 horas 0,60 puntos/cada un.
- De máis de 500 horas 0,80 puntos/cada un.

B) Experiencia laboral: máxima 5 puntos

B) 1. Polos servizos prestados en postos de igual natureza na Administración Pública: 0,30 puntos/mes.

Non se computarán os contratos inferiores a un mes de traballo a non ser que a suma de varios alcance o mes. A estes efectos considerarase que os meses son de trinta días. No caso de servizos que non foran prestados a xornada completa procederase a súa prorrata, tomando en conta corenta horas á semana.

B) 2. Polos servizos prestados en postos de igual natureza na empresa privada: 0,20 puntos/mes.

Non se computarán os contratos inferiores a un mes de traballo a non ser que a suma de varios alcance o mes. A estes efectos considerarase que os meses son de trinta días. No caso de servizos que non foran prestados a xornada completa procederase a súa prorrata, tomando en conta corenta horas á semana.

Para acreditar a experiencia na Administración Pública será necesario presentar unha copia compulsada do contrato especificando a categoría profesional, o tempo traballado, a xornada laboral e as funcións desenvolvidas e/ou certificación de servizos prestados da autoridade ou órgano competente, e un informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

Para acreditar a experiencia na empresa privada, será necesario presentar un certificado emitido polo responsable da empresa en modelo oficial do Instituto Nacional de Emprego ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de forma fidedigna o tempo traballado e a categoría profesional, a xornada laboral e as funcións desenvolvidas e/ou fotocopia autenticada dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado, e informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

Os resultados desta 1º fase de concurso faranse públicos, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello con anterioridade a realización da entrevista persoal.

C) Causa de exclusión do procedemento.

Será causa de exclusión do procedemento non acadar unha puntuación de 0,20 puntos no apartado referido a titulación e cursos.

2º FASE DO CONCURSO

Entrevista persoal: versará sobre o regulamento municipal e o currículo das candidatos/as. Valorarase entre un mínimo 0 e un máximo de 3 puntos.

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os aspirantes serán convocados para a referida entrevista na data e hora designada na resolución da Alcaldía sinalada na base 4ª. Deberán concorrer provistos do seu DNI, sendo convocados en chamamento único por orde alfabético, a non concorrencia á entrevista no momento de seren chamados comportará que quedará excluído do proceso selectivo.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impedisese a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificada e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenrolo da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as o criterio de contratación será a contratación da persoa que teña máis puntos na experiencia profesional.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

7º.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía a proposta de selección e formación da bolsa de traballo, xunto coas actas das sesións tendo en conta o seguinte:

En relación ao contrato de duración determinada a tempo completo, a proposta do tribunal farase a favor do/da aspirante que tendo superado o procedemento selectivo obteña a nota máis alta.

En relación a formación da bolsa de traballo esta se confeccionará coa relación dos aspirantes que houberen superado o procedemento (excluindo ao seleccionado para a firma do contrato de duración determinada a tempo completo), sendo ordenados por orde decrecente de puntuación.

8º.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO COMPLETO OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, BASE 1º.1º)

No prazo de cinco días naturais seguintes á data da publicación/notificación do resultado da selección, o aspirante seleccionado para o contrato de duración determinada a tempo completo obra ou servizo determinado), deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude na. É dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio da función.
- d) Cartilla da Seguridade Social no caso de ter sido dado de alta con anterioridade.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

9º - DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- Aportados os documentos a que se refire á Base anterior polo/a interesado/a e sendo a mesma conforme, o sr. Alcalde procederá á designación do aspirante seleccionado e sinalará o día no que deberá de acudir ao Concello para a formalización do correspondente contrato laboral.

2.- Mentres no se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

3.- Quen sen causa xustificada non concorrese á formalización do contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

10º- A BOLSA DE TRABALLO E O SEU FUNCIONAMENTO

- A confección desta bolsa supón a derogación da bolsa de traballo anterior.

- A formación da bolsa e a orde de chamamento da mesma será aprobada por Decreto da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

- A orde de chamamento dos/as aspirantes será pola orde na que figuren na bolsa. O traballador poderá permanecer como máximo nun posto ata un máximo de seis meses, de forma que se o contrato celebrado tivese unha duración inferior, retornará ao posto que ocupaba na bolsa no momento de ser chamada/o. Unha vez se teñan acadado seis de traballo, xa sexa consecuencia dun ou de varios contratos, pasarase a ocupar o último posto da lista.

- Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente.

- Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación, non se presentasen ou renunciaran a esta, pasarán a ocupar o último lugar da bolsa.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo.

- Contratacións dos integrantes da bolsa:

Poderán realizarse contratacións laborais temporais que permitan cubrir as posibles ausencias dos/das auxiliares de axuda no fogar cando se produzan ausencias por desfrute de vacacións, permisos e licencias cando a duración destas dúas sexa non sexa superior a tres meses e incapacidades laborais temporais.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Previamente á contratación deberá de solicitarse certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente.

O aspirante chamado deberá de aportar no prazo de tres días a seguinte documentación con carácter previo ao decreto da alcaldía polo que se acorde a súa contratación:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio da función.
- d) Cartilla da Seguridade Social no caso de ter sido dado de alta con anterioridade.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, impedira que se realice a contratación e o aspirante perderá os seu dereitos pasando a ocupar o último lugar da lista.

Cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez as actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar a súa contratación sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso quedará excluído definitivamente da bolsa.

Extinción da bolsa

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorra dezaoto meses desde a publicación no taboleiro de anuncios do Concello do Decreto da Alcaldía que a aprobe, ou cando se aprobe unha nova bolsa de traballo co mesmo obxecto, sen prexuízo de que poda prorrogarse mentres se realiza unha nova selección.

11º- INCIDENCIAS

1.- A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

2.- Para o non previstos nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei 3/2007, de 12 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

NORMAS FINAIS

Primeira: Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.


A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Segunda: Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.





CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO: MODELO DE SOLICITUDE A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN/DUNHA AUXILIAR DOMÉSTICO/A DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS DE AUXILIARES DOMÉSTICOS/AS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. Categoría profesional a que se opta:

2. Datos e circunstancias persoais:

- Apelidos e nome:
- Dirección:
- Concello de residencia:
- Teléfono:
- Lugar e data de nacemento:
- DNI:
- Núm. de afiliación a Seguridade Social:

3. Datos académicos:

- Titulacións:
- Cursos:

4. Experiencia profesional:

- Posto de traballo:
- Categoría:
- Data de inicio e final da relación profesional:

5. Optando entre: (seleccionar cun x)

Contrato de duración determinada a tempo completo ()

Inclusión na bolsa de traballo ()

Ambas ()

Camariñas a, _____

Asdo.: _____

ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

En Camariñas, a 25 de febreiro de 2011.
A CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS

Asdo.: María del Carmen Linares Chica.

DILIXENCIA: que estendo eu a secretaria para facer constar que as presentes bases que constan de nove folios incluída a presente foron aprobados por Decreto da Alcaldía de data un de marzo de dous mil once.

A SECRETARÍA,

Asdo.: Ma^a Loreto López Fernández